

Praza número: 26/3001

Número de prazas: 3

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Educación Física e Deportiva

Departamento: Educación Física e Deportiva

Centro: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicada, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios para a avaliación da praza obxecto de este concurso:

Criterio de aplicación xeral

Os criterios e baremos despréganse en base á **NORMATIVA POLA QUE SE REGULA O PROCEDIMENTO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR**.

O baremo está organizado en catro bloques. A ponderación dos méritos en cada un dos bloques neste caso será o seguinte:

| I.Formación académica | II.Experiencia docente | III.Experiencia investigadora e de transferencia | IV.Experiencia profesional |
|-----------------------|------------------------|--|----------------------------|
| 35 | 30 | 30 | 5 |

Naqueles apartados deste baremo en que algunha das persoas candidatas exceda da puntuación máxima establecida normalizaranse todas as puntuacións para outorgarlle a puntuación máxima establecida na correspondente sección do baremo á persoa que obtivese maior puntuación, mentres que a puntuación do resto das persoas candidatas calcularase segundo a seguinte fórmula: $PN = (PC/PCMP) \times PMA$

- PN: puntuación normalizada
- PC: puntuación da persoa candidata
- PCMP: puntuación da persoa candidata con maior puntuación
- PMA: puntuación máxima permitida polo apartado.

A comisión de selección do concurso arriba indicado, previa a súa constitución conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/2024), acorda establecer os seguintes criterios de aplicación xeral:

- Os méritos na especialidade de coñecemento da praza obxecto de concurso (Educación Física e Deportiva) multiplicaranse por 1. Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1 agás no bloque IV (experiencia profesional) en que se actuará conforme ao aí establecido polo que valoraranse unicamente os méritos da área do concurso.

Praza número: 26/3001

Número de prazas: 3

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Educación Física e Deportiva

Departamento: Educación Física e Deportiva

Centro: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

- A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns, a seguinte:
Didáctica da Expresión Corporal
- Todos os apartados que non estean incluídos nos criterios específicos, valoraranse de acordo co establecido na citada Normativa, segundo a ponderación.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

I. FORMACIÓN ACADÉMICA. Puntuación máxima: 100 puntos

I.1. Expediente académico (grao e máster, ou licenciatura). Puntuación máxima: 50 puntos

Se a titulación correspóndese coa especialidade da praza multiplícase por 1, se é con especialidades afíns 0,5, se é de áreas non afíns, por 0,1

Valorarase o expediente académico segundo a nota media calculada sobre 10. No caso de posuír unha licenciatura ou titulación equivalente, a nota media supoñerá o 100 % da puntuación nesta sección. No caso de posuír unha titulación de grao ou unha diplomatura, a nota media computará un 80 % da cualificación global e a de máster un 20 %.

A nota media multiplicarase por 5. No caso de non figurar a nota media calculada sobre 10 na certificación académica, haberá que achegar tamén a declaración da nota media no formulario normalizado. De non facelo, considerarase que a cualificación obtida na titulación é de 5 puntos.

I.2. Tesis de doutoramento. Puntuación máxima: 30 puntos

Se a tese correspóndese coa especialidade da praza multiplícase por 1, se é con especialidades afíns 0,5, se é de áreas non afíns, por 0,1

A puntuación outorgarase segundo a cualificación obtida: sobresaliente cum laude ou apto cum laude (10 puntos), sobresaliente (9 puntos), apto (8 puntos), notable (7 puntos), aprobado (5 puntos).

Cando a tese de doutoramento obtivese a mención europea ou internacional sumaranse 2 puntos.

A puntuación obtida multiplicarase por 2,5.

I.3. Premios extraordinarios. Puntuación máxima: 10 puntos

Só se terá en conta un premio por cada nivel de estudos e en caso de alcanzar varios premios só se terá en conta o de maior puntuación.

Praza número: 26/3001

Número de prazas: 3

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Educación Física e Deportiva

Departamento: Educación Física e Deportiva

Centro: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

- Premios extraordinarios de grao ou de licenciatura. Premio nacional (6 puntos), 2º premio nacional (4 puntos), 3er premio nacional (2 puntos), mención do premio nacional (1 punto), premio autonómico (2 puntos), premio da universidade (1 punto).
- Premio extraordinario de máster: 1,5 puntos.
- Premio extraordinario de doutoramento: 2,5 puntos.

I.4. Outras titulacións universitarias relevantes para a praza. Puntuación máxima: 10 puntos

Se a titulación correspóndese coa especialidade da praza multiplícase por 1, se é con especialidades afíns 0,5, se é de áreas non afíns, por 0,1

Só se terán en conta as titulacións oficiais non valoradas en I.1 e I.2 (nivel de diplomatura, grao, licenciatura, máster ou doutoramento): 2 puntos por cada titulación.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: certificacións académicas especiais expedidas polas autoridades competentes. No caso dos méritos alegados en I.1, achegarase a declaración de nota media xunto coa certificación académica cando nesta non figure a nota media calculada sobre 10.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

II.1. Docencia universitaria en titulacións oficiais. Puntuación máxima: 80 puntos

Se a titulación correspóndese coa especialidade da praza multiplícase por 1, se é con especialidades afíns 0,5, se é de áreas non afíns, por 0,1

A valoración da docencia impartida realizarase segundo a dedicación a tempo total ou parcial dos contratos: tempo completo (8 puntos por ano), P6 (6 puntos por ano), P5 (5 puntos por ano), P4 (4 puntos por ano), P3 (3 punto por ano).

En contratos de duración inferior a un ano, a puntuación será proporcional ao tempo de duración do contrato, considerándose para o cálculo, o ano decimal. No caso de contratos predoctorales e postdoutorais, a valoración será por hora de docencia: 0,03 puntos por hora impartida.

O número de horas valoradas non poderá ser superior ao máximo de horas de docencia recollidas nas convocatorias dos contratos.

Docencia impartida en centros privados ou adscritos: 50 % das puntuacións anteriores.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: folla de servizos ou contrato de traballo, e certificación de docencia asinada pola autoridade competentell.2. **Calidade docente.** Puntuación máxima: 20 puntos

Praza número: 26/3001

Número de prazas: 3

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Educación Física e Deportiva

Departamento: Educación Física e Deportiva

Centro: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Excepto nos apartados a, d, e, e k, considerarase que se o mérito alegado correspóndese coa especialidade da praza multiplícase por 1, se é con especialidades afíns 0,5, se é de áreas non afíns, por 0,1.

Só se poderá presentar un máximo de cinco méritos seleccionados de entre as seguintes categorías:

- a) a última avaliación recibida no programa Docentia (valoración excelente: 4 puntos; valoración notable: 3 puntos; valoración suficiente: 2 puntos)
- b) manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria publicados con registro ISBN (máximo de 4 puntos por cada manual/libro). Puntuación se figura como autor único, 4 puntos; e en caso de coautoría, 1,5. En caso de capítulo de libro 1,5 se e autoría única e 1 punto en caso de autoría compartida.
- c) participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Cada ano, será considerado 1 mérito.
 - 2 puntos por cada ano no caso de proxectos de innovación obtidos en convocatorias competitivas de ámbito autonómico, nacional ou internacional.
 - 1 punto por cada ano de participación nun proxecto docente ou nun grupo de innovación en convocatorias promovidas por unha universidade
- d) estancias docentes superiores a un mes (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado). Consideraranse só a efectos de puntuación os meses completos. Tres meses ou máis, 2 puntos; dous meses 1 e un mes 0,5.
- e) mobilidade docente STA ou similares (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado). Consideraranse só a efectos de puntuación os meses completos. Tres meses ou máis, 2 puntos; dous meses 1 e un mes 0,5.
- f) premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos por cada mérito).
 - 2 puntos por cada premio á docencia obtido en convocatoria pública nacional ou Internacional
 - 1 punto por cada premio á docencia obtido en convocatoria autonómica ou no ámbito Universitario
- g) artigos de docencia publicados en revistas académicas (2 puntos por cada mérito alegado). O alegado non deberá atoparse repetido na experiencia investigadora; se se atopase, non será avaliado nesta categoría.
- h) comunicacións en congresos de innovación docente (máximo de 1 punto por cada mérito alegado).
 - Por entidade/organismo internacional 1 punto se é 1º autor, 0,5 por outras coautorías.
 - Por entidade nacional 0,5, se é 1º autor, 0,25 por outras coautorías.
 - Por entidade autónoma/ rexional, local ou da propia universidade 0,25 se é 1º autor, 0,10 por outras coautorías.
- i j) formación docente impartida (1 punto por cada bloque completo de 50 horas) formación docente ou de especialización recibida (1 punto por cada bloque completo

Praza número: 26/3001

Número de prazas: 3

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Educación Física e Deportiva

Departamento: Educación Física e Deportiva

Centro: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

de 100 horas). Entendese que cada bloque de horas completo implica 1 mérito (50 horas impartidas ou 100 horas recibidas)

k) coñecemento da lingua inglesa (nivel C2: 4 puntos; nivel C1: 3 puntos; nivel B2: 2 puntos; nivel B1: 1 punto).

Dentro de cada categoría poderán presentarse máis dun mérito, excepto no caso da avaliación do programa Docencia.

No caso de que unha persoa presente máis dos 5 méritos establecidos na normativa, consideraráselle só os cinco que presente en primeiro lugar.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: certificacións expedidas pola autoridade académica competente. No caso das publicacións, copia da primeira e da última páxina da publicación xunto co índice xeral e as páxinas que conteñan os créditos editoriais. No caso das comunicacións, certificación da participación no congreso e resumo do traballo ou copia da publicación no libro de actas.

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Se o mérito alegado correspóndese coa especialidade da praza multiplícase por 1, se é con especialidades afíns 0,5, se é de áreas non afíns, por 0,1.

Os artigos publicados en revistas científicas valoraranse con 2,5 puntos se as revistas están incluídas en Scopus ou na Web of Science.

Os artigos publicados en revistas científicas non incluídas en Scopus ou na Web of Science, pero que contén con indicadores de calidade e revisión por pares valoraranse con 0,5 puntos se están incluídas noutras bases de datos de referencia para os respectivos ámbitos de coñecemento: Dialnet Métricas. IDR (Índice Dialnet de Revistas) (para Ciencias Sociais, Humanidades e Ciencias Xurídicas), ERIHPlus (para Ciencias Xurídicas), RIBA on line catalogu (para Arquitectura e Urbanismo), selo de calidade FECYT. A valoración conxunta destes artigos non poderá superar os 5 puntos.

Os artigos premiados terán unha valoración adicional de 0,5 puntos.

Nas publicacións científicas aplicarase un coeficiente multiplicador de entre 0,25 e 1 que terá en conta a posición do/a autor/a en a publicación e, no caso das revistas, a súa posición nas bases de datos:

- Primeiro autor ou autor de correspondencia e Q1 (JCR), 1 punto
- Outras autorías e Q1 (JCR), 0,75

Praza número: 26/3001

Número de prazas: 3

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Educación Física e Deportiva

Departamento: Educación Física e Deportiva

Centro: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

- Primeiro autor ou autor de correspondencia e Q2 en JCR ou Q1 en SJR, 0,75
- Outras autorías en Q2 en JCR ou Q1 en SJR, 0,5
- Primeiro autor ou autor de correspondencia noutros cuartiles pertencentes ao JCR ou SJR, 0,5
- Outras autorías noutros cuartiles pertencentes ao JCR ou SJR, 0,35
- Publicacións en revistas non incluídas en bases de datos, pero con indicadores de calidade e revisión por pares con selo de calidade FECYT, 0,25. A valoración conxunta destes artigos non poderá superar os 5 puntos.

Os libros e capítulos de libro valoraranse tenendo en conta o prestixio editorial e eliminaranse aqueles méritos que se refiran a libros autoeditados.

O valor de libro completo será de 5 puntos, mentres que para un capítulo de libro será de 1 punto

Para libros e capítulos de libros terase en conta que o contido teña achega de carácter científico, sendo os coeficientes multiplicadores:

- Por libro ou capítulo de libro con autoría única en editorial no primeiro cuartil nacional ou internacional, da listaxe xeral ou dalgunha especialidade de SPI, no ano que corresponda coa da publicación do libro, 1 punto
- Por libro ou capítulo de libro en coautoría en editorial no primeiro cuartil nacional ou internacional, da listaxe xeral ou dalgunha especialidade de SPI, no ano que corresponda coa da publicación do libro, 0,75
- Por libro ou capítulo de libro con autoría única en editorial dos cuartíl 2 a 4 nacional ou internacional, da listaxe xeral ou dalgunha especialidade de SPI, no ano que corresponda coa da publicación do libro, 0,50
- Por libro ou capítulo de libro en coautoría en editorial dos cuartíl 2 a 4 nacional ou internacional, da listaxe xeral ou dalgunha especialidade de SPI, no ano que corresponda coa da publicación do libro, 0,35
- Para libros e capítulos de libros noutras editoriais, 0,25.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: no caso dos artigos publicados en revistas, DOI e/o ligazón permanente ao traballo depositado en repositorios institucionais; no caso dos libros e capítulos de libro, a copia da primeira e da última páxina da publicación xunto co índice xeral e as páxinas que conteñan os créditos editoriais.

III.2 Comunicacions en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Só valoraranse as aportacións a Congresos avalados por algunha asociación científica.

Se o mérito alegado correspóndese coa especialidade da praza multiplícase por 1, se é con especialidades afíns 0,5, se é de áreas non afíns, por 0,1.

Poderá aplicarse un coeficiente multiplicador de entre 0,5 e 1 que terá en conta a autoría e o

Praza número: 26/3001

Número de prazas: 3

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Educación Física e Deportiva

Departamento: Educación Física e Deportiva

Centro: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

carácter nacional ou internacional da reunión

- Por entidade/organismo internacional 1 punto se é 1º autor, 0,75 por outras coautorías.
- Por entidade/organismo nacional 0,75, se é 1º autor, 0,50 por outras coautorías.

Só poderán presentarse un máximo de 10 contribucións, co límite dunha comunicación por congreso. Cada contribución valorarase con 0,5 puntos aos que se sumarán outros 0,5 puntos se recibiu algún premio.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: a certificación de participación no congreso e o resumo do traballo ou a copia da publicación no volume de actas.

III.3. Becas e contratos pre e postdoutorais. Puntuación máxima: 10 puntos

Valoraranse unicamente os contratos de formación predoctoral e postdoutoral correspondentes a convocatorias competitivas de carácter público: Programa de formación do profesorado universitario (FPU), Programa de formación do persoal investigador (FPI), predoctorales e postdoutorais da Xunta de Galicia, Ramón e Cajal, Beatriz Galindo, Juan da Cerva e outras de carácter equivalente. A valoración será de 2,5 puntos por ano de bolsa ou de contrato. No caso de contratos inferiores a un ano de duración, a puntuación será proporcional ao tempo de duración do contrato.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: a copia do contrato ou da credencial de concesión da bolsa e certificación emitida pola autoridade competente na que conste o período efectivo de vinculación contractual ou de ser beneficiario/a de a bolsa.

III. 4. Estancias pre e postdoutorais. Puntuación máxima: 10 puntos

Só se valorarán as estancias realizadas en centros de prestixio e cando a persoa candidata tivese un vínculo contractual coa Universidade ou cunha institución de investigación ou cando fosen realizadas nun programa específico de financiamento da mobilidade investigadora. Para ser valorada a estancia deberá ser dun mínimo de quince días. A valoración será de 0,25 puntos por mes completo (ou, no seu caso, parte proporcional).

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: o permiso da institución de orixe, invitación do centro de destino e certificación da realización da estancia.

III.5. Dirección de tesis. Puntuación máxima: 5 puntos.

Se a tese correspóndese coa especialidade da praza multiplícase por 1, se é con especialidades afíns 0,5, se é de áreas non afíns, por 0,1.

Só se valorarán as teses de doutoramento defendidas, con 2,5 puntos por teses. Nas

Praza número: 26/3001

Número de prazas: 3

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Educación Física e Deportiva

Departamento: Educación Física e Deportiva

Centro: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

codirecciones, a puntuación dividirase entre o número de directores/as. A mención de doutoramento internacional sumará 0,5 puntos.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: a certificación expedida pola autoridade académica competente.

III.6. Participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación. Puntuación máxima: 20 puntos

Se o mérito correspóndese coa especialidade da praza multiplícase por 1, se é con especialidades afíns 0,5, se é de áreas non afíns, por 0,1.

A participación en proxectos de investigación financiados por entidades públicas ou privadas realizadas en réxime de publicidade, obxectividade e concorrència competitiva, e con avaliación externa [Consello Europeo de Investigación (ERC), Axencia Estatal de Investigación (AEI), axencias autonómicas], valorarase segundo o tipo de proxecto e de participación. No caso de ser investigador/a principal (IP) a valoración será de 6 puntos por proxecto europeo; 4 puntos por proxecto estatal; 2 puntos por proxecto autonómico; 1 punto noutros casos.

No caso de ser membro do equipo de investigación ou de traballo ou contratado como investigador/a con cargo a proxecto, a puntuación será a metade.

A participación en convenios ou contratos de investigación regulados polo artigo 83 LOU ou 60 LOSU valorarase cun máximo de 3 puntos por convenio, de acordo con as seguintes indicacións, sempre que a persoa sexa IP: financiamento ata 10 000 €, 0,2 punto por convenio; financiamento superior a 10 000 €, 0,4 puntos por cada 10 000 €. No caso de ser membro do equipo, a puntuación será a metade.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: unha certificación expedida pola autoridade académica competente na que conste o nome do proxecto, convenio ou contrato, a entidade financiadora, o financiamento recibido e o tipo de participación da persoa candidata.

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Só poderá presentar un máximo de 5 méritos.

Valoraranse as patentes, os rexistros da propiedade intelectual, os desenvolvementos tecnolóxicos, a creación de empresas de base tecnolóxica ou spin-off e outras actividades de transferencia e divulgación, tales como participación en comisións científicas e organizadoras de Congresos ou asesorías técnicas a empresas/institucións e comisións editoriais de revistas con imparcto JCR e/ou SJR na área de Educación Física e Deportiva, cunha puntuación de 2 puntos por mérito. Non será valorada como acción de transferencia a revisión de artigos para revistas de carácter académico ou científico

Praza número: 26/3001

Número de prazas: 3

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Educación Física e Deportiva

Departamento: Educación Física e Deportiva

Centro: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: as certificacións emitidas polos organismos correspondentes.

IV. EXPERIENCIA PROFESIONAL. Puntuación máxima: 100 puntos

Valoraranse únicamente os méritos específicos da área do concurso.

Valorarase a experiencia profesional, incluída a docencia regrada non universitaria. A valoración será de 5 puntos por ano con dedicación a tempo completo; no caso de dedicación a tempo parcial ou de períodos inferiores a un ano, a valoración será proporcional.

Atendendo á normativa da UDC e de acordo ao que se sinala no ANEXO I (Baremo para a selección de profesorado axudante doutor, substituto e asociado) da mesma, non valorarase nesta praza, a experiencia como titor/a de prácticas externas

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA: o informe de vida laboral, os contratos e a certificación da actividade profesional realizada que inclúa os postos e as funcións desempeñadas.

En Oleiros, a 7 de maio do 2026

A presidencia da comisión